

## **Términos de referencia para a contratación dunha persoa que realice tarefas de xerencia na cooperativa Mulleres Colleiteiras**

### Contexto do proxecto

O proxecto de inserción socio-laboral Mulleres Colleiteiras baseado na recollida de aceite vexetal usado para a súa reciclaxe, consta de dúas partes diferenciadas e complementarias: o proxecto social e a cooperativa.

En Abril de 2013 comeza un proxecto piloto no barrio de Montealto coa participación de 23 mulleres en situación de exclusión social. Tras dous anos de experiencia en habilidades sociais e formación prelaboral, difusión do proxecto e búsqueda de clientes, etc., en Xullo de 2015 catro das mulleres constitúen ante notario a cooperativa. O obxectivo do proxecto social é seguir formando ao resto das mulleres e dar apoio á cooperativa, sobre todo en labores de difusión. A medida que o proxecto empresarial se consolide e sexa sostible, as mulleres que participan no proxecto social, poderán ir incorporándose paulatinamente á cooperativa.

Existirán dous perfís básicos que traballarán sobre as indicacións do Grupo de traballo de cooperación local:

1. Perfil social (terapeuta ocupacional) que se encargará da xestión e organización do Proxecto social.
2. Perfil de xestión de empresas sociais, que realizará tarefas de xerencia da cooperativa.

### Perfil solicitado

Persoa con formación específica e experiencia en organización e xestión de proxectos empresariais.

Valorarase a experiencia en organización e xestión de proxectos empresariais de tipo social (economía social, cooperativas, empresas de inserción, etc.).

Valorarase os coñecementos e experiencia en xestión de grupos, procesos participativos, traballo con colectivos vulnerables, experiencia en proxectos de inclusión, interculturalidade, xénero, etc.

Valorarase a capacidade de traballo en grupo e planificación, capacidade de análise e iniciativa, capacidade de adaptación, resolución de conflitos e mediación, empatía.

Manexo de programas de ofimática

### Obxectivos e tarefas

Os obxectivos principais son dous:

- Fortalecer a cooperativa Mulleres Colleiteiras a nivel de organización interna para conseguir que as socias vaian acadando máis autonomía na xestión da empresa. A través do acompañamento desta persoa propónse o traspaso paulatino de tarefas ás socias a medida que estas estean preparadas para levalas a cabo.

- Mellorar a produtividade e operatividade do servizo de recollida de aceite, a través dunha planificación a curto e longo prazo, a búsqueda de recursos e novos clientes, a mellora da eficiencia do traballo, etc.

Esta persoa se unirá ao grupo de traballo de cooperación local, traballando de maneira coordinada con él para desenvolver as seguintes tarefas específicas:

- Supervisión da execución de todas as actividades obxecto da cooperativa: planificación, loxística, xestión, representación, difusión e formación.
- Apoio na organización e seguimento das tarefas de recollida do aceite.
- Organización de actividades de representación e difusión en coordinación co proxecto social.
- Estratexia de búsqueda de novos clientes, ampliación dos puntos de recollida de aceite, etc.
- Coordinación e dinamización das reunións semanais da asemblea da cooperativa.
- Xestións administrativas derivadas da cooperativa (elaboración de documentación, entregas en rexistro, subsanación de erros, acompañamentos para a consecución de documentación específica, etc.) e xestións derivadas da actividade empresarial: convenios, contratos, albaranes, rexistros, inventarios, controis, etc
- Xestións derivadas da xustificación de subvencións do proxecto
- Resolución de conflitos cos clientes (proveedores, compradores...), etc.
- Elaboración de informes semanais de posta ao día ao Grupo de Traballo.
- Documentación de todas as actividades realizadas a través de memorias narrativas e gráficas.
- Coordinación coas persoas que desenvolvan as asistencias técnicas da parte loxística-técnica e de funcionamento interno e xestión da cooperativa.

### Duración

8,5 meses a media xornada

Aproximadamente Febreiro 2016 – Outubro 2016

### Condicións laborais

Remuneración segundo tabla salarial de ASF

Localización: Nave de Mulleres Colleiteiras no Polígono de Iñás, Oleiros e Oficina de ASF na Escola Técnica Superior de Arquitectura, Campus da Zapateira, A Coruña,

Horario a decidir no momento de contratación.

### Criterios de selección

#### **Experiencia (50 ptos)**

- Voluntari@ activa no grupo de traballo de Cooperación Local (5p)
- Experiencia de traballo en proxectos empresariais e/ou proxectos similares (30p)
- Experiencia en traballos de carácter participativo, intervención e dinamización social ou de índole similar. (10p)
- Experiencia de traballo con poboación chabolista e/ou outros colectivos en exclusión (5p)

**Formación (30 ptos)**

- Formación específica en administración e xestión empresarial e economía social (15p)
- Formación en interculturalidade, xénero, procesos de inclusión, etc. (9p)
- Galego (3p)
- Ofimática (3p)

**Entrevista persoal (20 ptos)**

Realizárase a entrevista entre aquelas persoas que acaden maior puntuación nos apartados de experiencia e formación.

**Proceso de selección**

Aquelas persoas interesadas nesta convocatoria deben enviar o seu curriculum vitae ata o venres 30 de Xaneiro incluído, sinalando especialmente aqueles aspectos relacionados cos criterios de selección e unha carta de motivación.

A dirección de correo é: [gtlocal.gal@asfes.org](mailto:gtlocal.gal@asfes.org). Indicar no asunto “Persoal Mulleres Colleiteiras”.